

# Escola Oficial de Idiomas de Lugo

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

## Proxecto Lingüístico de Centro

TELÉFONO

FAX

WEB

988 25 15 55

[www.escolainstituto.es](http://www.escolainstituto.es)

# EOI de Lugo

## Contenido

Introdución .....	3
<b>Xustificación do proxecto .....</b>	<b>4</b>
Situación sociolingüística do centro .....	4
Situación do profesorado .....	4
Situación do alumnado .....	4
Situación lingüística do centro .....	5
<b>Obxectivos do proxecto .....</b>	<b>6</b>
Obxectivos para a contorna sociolingüística do centro .....	6
Obxectivos para a situación do profesorado .....	6
Obxectivos para a situación do alumnado .....	6
Obxectivos para a situación lingüística do centro .....	7
<b>Medidas para potenciar o uso da lingua galega na escola .....</b>	<b>9</b>
Abano de actividades para promover a lingua galega .....	9
<i>Proxectos culturais e/ou pedagóxicos de inmersión lingüística</i> .....	9
<i>Conferencias sobre</i> .....	9
<i>Exposicións</i> .....	10
<i>Obradoiros</i> .....	10
<i>Roteiros</i> .....	10
<i>Teatro</i> .....	10
<i>Recomendacións literarias</i> .....	10
<b>Recursos humanos e materiais .....</b>	<b>11</b>
Humanos .....	11
Materiais .....	11
Avaliación .....	12

## Introdución

---

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, reflicte que as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. Segundo se recolle no artigo 15º deste mesmo decreto o Equipo de Dinamización da Lingua Galega crearase para potenciar o uso da lingua galega no centro e terá un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción no centro educativo.

Os obxectivos e as liñas de actuación que reforzan a dimensión comunicativa do galego recóllense no proxecto Lingüístico de Centro para os anos 2017-2019

## Xustificación do proxecto

---

### Situación sociolingüística do centro

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo é un centro urbano. No presente curso escolar conta con arredor de 1500 alumnos/as. O claustro está formado por 40 profesores/as e contamos con 7 membros do Persoal de Administración e Servizos.

A Escola sitúase na cidade de Lugo, non obstante gran parte do seu alumnado procede doutras vilas da provincia. Das sete cidades maiores de Galicia, Lugo acostuma figurar como a provincia que conta cun maior número de galegofalantes. De termos en conta que unha parte considerable do alumnado da escola provén de concellos circundantes e mesmo afastados (A Fonsagrada, Vilalba ou Burela), é de prever que a proporción de alumnos/as galegofalantes nesta escola sexa aínda maior do que a sinalada polas estatísticas para a cidade de Lugo. Porén, cómpre salientar que os datos que aquí se reflicten son máis produto da observación que de datos estatísticos.

### Situación do profesorado

A lingua vehicular de uso máis frecuente entre os profesores e as profesoras é o castelán. A porcentaxe de profesorado que utiliza a nosa lingua de xeito cotián non é superior ao 44 por cento. É tamén minoritario o número de profesores/as que recorren ao galego en actividades da aula, por exemplo cando hai que fornecer traducións dalgunha palabra en lingua estranxeira. Os materiais de lingua de consulta que hai nas aulas inclúen a combinación lingüística español-lingua estranxeira. Porén, grazas á incidencia do EDL, varios departamentos dispoñen dun dicionario bilingüe galego-lingua estranxeira. Tamén, o equipo directivo adoptou dende hai uns anos o galego como lingua ordinaria de comunicación nas reunións de órganos de goberno e de coordinación que convoca.

### Situación do alumnado

Segundo se deduce da observación dos datos recollidos polos Equipo de Dinamización Lingüística, a porcentaxe do alumnado galegofalante é ben superior á do profesorado. Se neste último colectivo a porcentaxe de galegofalantes estaba arredor dun terzo, no caso do alumnado estaba nos últimos anos arredor dun 60%.

# EOI de Lugo

## Situación lingüística do centro

No que na redacción de documentos se refire, cómpre destacar que todas as publicacións, anuncios, correspondencia, rotulaxe para a EOI, etc., elaborados por este centro se emprega a lingua galega sempre, se ben puidera haber ocasionalmente algún anuncio por parte dalgún membro da comunidade escolar que non respecte esta regra. Aínda que se trata de un centro de ensino de adultos, a presenza de menores non é inusual o que implica o contacto directo coas familias, que dende o equipo directivo adoita establecerse en galego.

No que se refire á interacción do profesorado co alumnado, esta ven condicionada polo uso que os diferentes membros da comunidade escolar fan do galego, que por ser esta unha Escola de Linguas, o ensino faise xeralmente na lingua obxecto de estudo. Mais cabe ter en conta que o uso do castelán en contextos máis informais como poden ser informacións sobre matrícula, horarios, vacantes, etc., é maioritario, e de calquera modo, o caso de persoas que privilexian o uso do galego fronte ao do castelán, independentemente de cal sexa a lingua na que se dirixan a eles/as, é aínda ben minoritario.

O uso do galego debe ser algo habitual, en diferentes contextos da vida diaria e non só en datas sinaladas.

Para iso é necesario crear espazos de conversa en galego. Neste centro un grupo de unhas dez persoas, reúnense mensualmente para facer a resención en galego dun libro lido nunha lingua estranxeira ou, se fora o caso, na versión galega ou portuguesa.

Por outra banda, adoitase organizar roteiros literarios abertos ao alumnado e o persoal do centro, nos que a lingua empregada polo participantes é o galego.

O obxectivo final é normalizar a lingua galega non só no horario de apertura do centro, mais tamén coas actividades diversas organizadas no tempo de lecer da comunidade educativa.

## Obxectivos do proxecto

---

### Obxectivos para a contorna sociolingüística do centro

- Prestixiar o uso da lingua no ámbito das Escolas de Idiomas.
- Mellorar a valoración do galego e da súa cultura en todos os ámbitos da sociedade en que sexa posíbel.
- Tentar establecer contactos con outros equipos dos centros de ensino do noso contorno máis próximo para posíbeis colaboracións, por exemplo coa Escola de Danza ou co Conservatorio de Música.
- Achegármonos a establecementos fóra do ámbito educativo.
- Contribuír á difusión do galego no exterior en colaboración cos axudantes lingüísticos dos diferentes idiomas presentes no centro.

### Obxectivos para a situación do profesorado

- Fomentar a valoración das contribucións individuais e colectivas na dignificación e normalización da lingua galega.
- Implicar o profesorado no uso do galego na aula, de xeito que a utilice como ponte de ligazón coa lingua estranxeira naquelas situacións en que for precisa (tradución de palabras illadas, explicacións breves nos niveis máis baixos, situacións de comunicación non académica entre profesores/as e alumnos/as, etc), tendo en conta que o galego é a primeira lingua dunha elevada porcentaxe do alumnado.
- Crear as condicións para que o uso da nosa lingua sexa percibido como vantaxoso e desexábel, e non só como permitido.
- Promover unha visión da lingua galega que acabe con prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Impulsar a realización de actividades para a consecución dos obxectivos anteriormente sinalados, que fortalezan a colaboración do alumnado.
- Acadar a maior implicación posíbel do profesorado e do alumnado da Escola nas actividades proxectadas durante o curso.
- Participar cos departamentos en cantas actividades for posíbel.
- Colaborar co profesorado ofrecendo formación e axuda sobre os recursos existentes.

### Obxectivos para a situación do alumnado

- Equiparar os dereitos lingüísticos dos/as alumnos/as galegofalantes cos dos falantes de castelán, non só na teoría mais tamén na práctica.

# EOI de Lugo

- Crear as condicións para que o uso da nosa lingua sexa percibido como vantaxoso e desexábel, e non só como permitido.
- Promover unha visión da lingua galega que acabe con prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Facérmonos con recursos didácticos para garantir os dereitos do alumnado galegofalante á hora de estudaren unha lingua estranxeira. É dicir, por exemplo dicionarios de todas as linguas que se estudan na escola para galego, sempre que existiren os recursos.
- Pór á disposición do alumnado materiais e recursos en lingua galega nas aulas ou Rede naquelas linguas nas que existiren eses recursos.
- Privilexiar o uso do galego na aula e utilízalo como ponte de ligazón coa lingua estranxeira naquelas situacións en que for precisa (tradución de palabras illadas, explicacións breves nos niveis máis baixos, situacións de comunicación non académica entre profesores/as e alumnos/as, etc), tendo en conta que o galego é a primeira lingua dunha elevada porcentaxe do alumnado.
- Acadar a maior implicación posíbel do alumnado da Escola nas actividades proxectadas durante o curso. Esa ligazón directa entre a lingua materna e a estranxeira axuda a prestixiar o uso do galego para alén dos usos na vida cotiá ao que costuma ser relegado. O uso prioritario do castelán como lingua ponte fai que o galego sexa percibido como unha lingua eivada, só útil fóra do ámbito académico e incapaz de establecer ligazóns con espazos internacionais sen a mediación do castelán.
- Organizar actividades dirixidas ao alumnado de todos os niveis nas que se poidan implicar e que teñan como obxectivo o uso do galego.

## Obxectivos para a situación lingüística do centro

- Potenciar o coñecemento dos dereitos lingüísticos dos membros da comunidade escolar da Escola Oficial de Idiomas de Lugo.
- Propiciar a reflexión lingüística e sociolingüística no centro.
- Promover unha visión da lingua galega que acabe con prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Impulsar de modo efectivo que o EDL se convirta nun órgano visíbel nos diferentes ámbitos do centro.
- Intercambiar informacións e experiencias con outros EDL da Galiza.
- Fomentar o uso da lingua galega no atendimento do público.
- Artellar actividades que fortalezan a expresión oral.
- Acrecentar o número de materiais e recursos en lingua galega presentes no centro, e dalos a coñecer é comunidade educativa.

# EOI de Lugo

- Fomentar a valoración das contribucións individuais e colectivas na dignificación e normalización da lingua galega.
- Diseñar un repertorio de actividades de dinamización lingüística, sempre tendo en conta os recursos materiais e humanos con que contamos e a realidade que nos rodea de modo que fornezan a colaboración interdepartamental e a implicación activa do profesorado e do alumnado.
- Proporcionar información sobre as actividades do grupo e doutros actos de institucións relacionados coa cultura galega.



# EOI de Lugo

## Medidas para potenciar o uso da lingua galega na escola

As medidas tomadas para potenciar o uso do galego na Escola serán :

- Ter presenza do EDL na Escola de forma continua e para iso programamos unha actividade por mes durante o periodo lectivo.
- Ser visibles sempre que haxa algunha actividade relacionada coa lingua ou cultura na contorna sociolingüística da EOI.
- Facer a máxima publicidade posíbel deses actos así como tamén dos actos que organice calquera institución pública relacionada coa lingua e cultura galega.
- Organizar na medida do posible, todos os actos nos mesmos días da semana e hora (martes ás 19:00 horas ou mércores ás 20:30) para que toda a comunidade escolar poida asistir e coñecer previamente cando se fan os actos do EDL.
- Colaborar co Equipo de Dinamización da Biblioteca da Escola, que tamén contribuirá economicamente á súa realización.

## Abano de actividades para promocionar a lingua galega

Proxectos culturais e/ou pedagóxicos de inmersión lingüística

- O traballo e experiencia normalizadora de centros sociais e asociacións culturais da nosa cidade. CS Mádía Leva e AC Cultura do País.
- A experiencia de un proxecto de inmersión lingüística para crianzas, 100% en galego.

Conferencias sobre

- a tradución en galego no audiovisual.
- a BD en galego.
- os medios de comunicación en galego.
- a retransmisión galega na literatura galega
- as Irmandades da Fala como precursores.
- a ciencia en galego a través de unha viaxe.
- as editoras independentes en galego

# EOI de Lugo

## Exposicións

- a divulgación de Barriga Verde como os monicreques do teatro en galego.
- a cultura caboverdiana integrada na cultura galega.
- autores homenaxeados no día das Letras Galegas.

## Obradoiros

- didáctica das linguas
- baile tradicional
- música tradicional
- instrumentos populares da música tradicional

## Roteiros

- Manuel María Literario
- as Irmandades da Fala por Ferrol
- Lugo medieval e toponimia
- foliada de cantares de reis

## Teatro

- monólogos de Mónica Caamaño
- monólogos de Lois Pérez

## Recomendacións literarias

- Obras orixinais en galego ou traducidas ao galego

# EOI de Lugo

## Recursos humanos e materiais

---

### Humanos

Todo o persoal do centro:

- O profesorado na participación das actividades do EDL para publicitar as actividades do EDL nos seus grupos de alumnos e animalos a asistiren aos actos realizados polo EDL.
- O Equipo de Dinamización de Biblioteca para axudar a visibilizar mellor as actividades e conseguir implicar máis profesorado e máis alumnado.

Colaboración con:

- Dirección Xeral de Política Lingüística
- Departamentos didácticos de toda a escola
- Conservatorio Superior de música de Lugo
- AC Morra o Demo
- AC Cultura do País
- AC Madia Leva
- AC A volta do Agro
- AC Gentalha do Pichel
- AC Semente
- Editora Através
- Editora Urco
- Editora Estaleiro
- Documentários de Bonaval

### Materiais

- Salón de actos equipado de son e imaxe con aforo para cen persoas.
- Biblioteca para algunhas das actividades como mesas redondas.
- Páxina web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/eoilugo/> , blog do equipo de equipo de biblioteca <https://rochoteca.wordpress.com/>, rochoteca/actividades culturais EOI Lugo páxina de facebook da EOI de Lugo <https://www.facebook.com/eoilugo>

# EOI de Lugo

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias, acceso a internet.
- Bibliotecas de aula e departamentos : un dicionario bilingue galego e a lingua de estudo.
- Biblioteca do departamento de galego: dicionarios monolingues e todo tipo de material de consulta en galego.
- Un ordenador, proxector e pantallas con conexión a internet en todas as aulas.
- Aula de informática con vinte ordenadores e con conexión a Internet, canón, encerado dixital...
- Aula de reforzo con 12 postos e con conexión a Internet,
- Fotocopiadora e plastificadora.
- Taboleiros de anuncios.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e
- normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.
- Corredores dotados dun sistema para expor fotografías, cadros...
- Dous monitores (un en cada andar) para promocionar as actividades que se realicen.

## Avaliación

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º). Previamente, realizaremos unha valoración deste na Comisión de Coordinación Pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se acaden expoñeranse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada dous cursos escolares ao servizo de Inspección Educativa. Por outra banda, durante cada curso, elaborárase un informe sobre o impacto da programación das distintas actividades, para o cal se utilizará:

- Información e valoración das actividades realizadas para o fomento e dinamización da lingua galega realizadas polo centro no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- Informe das reunións mensuais para coordinar as actividades programadas.
- Valoración da acollida que tivo a actividade realizada o mes anterior e modificación, se fóra o caso, dalgun aspecto organizativo para outras actividades da programación.
- Valoración trimestral se as actividades programadas no trimestre anterior deixaron algun pouso na comunidade escolar ou se simplemente pasaron desapercibidas, e propostas de mellora,
- Análise dos motivos en caso de que unha actividade non se realice.

# EOI de Lugo

- Valoración da difusión das actividades de dinamización lingüística no propio centro, na páxina web do centro, na prensa local e nas redes sociais (Facebook, Tweeter),
- Reconto das visitas, comentarios e suxestións de toda a comunidade nas enquisas ao profesorado, alumnado, PAS e nas redes sociais,

Dona Ana Montesión Cancio, como secretaria da Escola Oficial de Idiomas de Lugo,

CERTIFICA

Que este Proxecto Lingüístico do Centro recibiu a conformidade do Claustro do profesorado e a aprobación do Consello Escolar o 30 de xuño de 2017

Lugo, 7 de xullo de 2017

Vº e Pr.


A Secretaria,



Asdo: Ana Montesión Cancio



A directora,



Asdo: Blandine Mouret

